  - Resolución de problemas con datos a partir de exemplos resoltos e aplicación a outros problemas similares, coa correspondente interpretación de resultados experimentais.
  - Nas diferentes unidades propoñeránselle diferentes recursos dixitais: animacións, ligazóns a Internet, vídeos de divulgación, experiencias de laboratorio virtual, exercicios e actividades diversificadas (de reforzo, de ampliación, uso das TIC...) de autoavaliación que facilitan a adquisición de competencias básicas a todo o alumnado.
  - Actividades de repaso. Ó remate de cada unidade, o alumnado disporá dun boletín de repaso con actividades das ABAU de convocatorias anteriores.
  - Elaboración de informes de prácticas (tanto realizadas no laboratorio do centro como en laboratorio virtual). Todo o material necesario para traballar a materia está colgado na aula virtual do curso.
- A final de curso, realízanse as prácticas de laboratorio propostas polo grupo de traballo de Química da CIUG.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Recursos: Aula co seu encerado, aula virtual, laboratorio equipado, ordenadores, recursos audiovisuais, recursos informáticos, láminas, carteis...
- Materiais: Libro de texto de consulta/apuntamentos de elaboración propia, vídeos e textos elaborados polo profesorado, presentacións audiovisuais, material dixital seleccionado, material de laboratorio adecuado ás prácticas deseñadas, modelos moleculares, modelos de orbitais híbridos, ...

A maioría do material e dos recursos enumerados non precisan descrición. Todo o material está a disposición do alumnado na aula virtual da materia.

O libro de texto é de consulta, os alumnos que necesiten un libro de texto de consulta, fáielle un préstamo desde os libros que pertencen ao departamento de Física e Química.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de física e química de 1º de Bacharelato).
- Materias pendentes ou en repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar o proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, e co obxectivo de dispor dun perfil de aula desde una óptica DUA, poderanse realizar probas sinxelas, escritas ou orais, analizar exemplos resoltos total ou parcialmente, desenvolver tarefas que permitan medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 1º de bacharelato. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica a profesora indagará a situación de partida do alumnado.

RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE (tería que estar na programación de 1º bach)

Os alumnos coa materia de física e química de 1º bacharelato pendente terán que realizar probas escritas para a súa

recuperación.

Para preparar esas probas o profesor das materias de 2º bacharelato entregaralle unha colección de exercicios correspondentes á parte de química e outra correspondente á parte de física. Estes exercicios corresponden aos mínimos esixibles da materia de física e química de 1º bacharelato. Os alumnos traballarán sobre esas actividades e pódese concretar sesións para solucionar dúbidas (nos recreos ou nas horas libres das que dispoñan alumno e profesor).

Os exercicios entregados nas dúas partes teñen a solución, para que a realización dos mesmos serva de autoavaliación.

Os alumnos estarán matriculados nun curso específico da aula virtual (na que se colga o material correspondente ás dúas partes da materia).

Hai un primeiro parcial (parte de química) e un segundo parcial (parte de física). A nota final é a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes.

A cualificación será:

1. Na 1º e 2º avaliación estarán cualificados coa nota do 1º e 2º parcial respectivamente (parciais que se realizarán nas datas propostas desde xefatura de estudos).

2. Na avaliación final ordinaria estarán cualificados coa media dos exames parciais (no caso de ter a materia superada por parciais) ou ben a nota da proba global (parte de química máis parte de física) a realizar nas datas propostas por xefatura de estudos.

A proba escrita global consiste de 6-12 exercicios. Cada exercicio poderá ter varios apartados. Unha parte de química e outra de física. A puntuación máxima de cada parte é de 5 puntos. Para superar a materia o alumno terá que acadar un mínimo (2,5 puntos) en cada unha das partes e que a suma das puntuacións obtidas nas partes sexa igual ou maior que 5.

A puntuación máxima da proba é de 10 puntos.

A puntuación de cada exercicio indícase na proba e as penalizacións na puntuación tamén se indican na proba.

Non se aplica redondeo á alza, a cualificación é a parte enteira da nota numérica obtida na proba escrita realizada ou se se aproba por parciais a parte enteira da medida aritmética das dúas probas.

3. No caso de non obter cualificación positiva nin mediante as probas parciais nin mediante a proba global, terán dereito a unha convocatoria extraordinaria.

Todas as probas teñen en conta os mínimos esixibles da materia de Física e Química de 1º bacharelato. Seguen o tipo de probas realizadas no curso de 1º bacharelato. Son exercicios tipo similares aos propostos para a preparación das probas. As puntuacións indícanse na proba e as penalizacións nas puntuacións tamén se indican na propia proba.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	12	20	21	28	14	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A valoración dos coñecementos adquiridos e o grao de comprensión dos mesmos avalíase mediante probas escritas (PE) e probas escritas de control diario (PECD). Nestas probas, valórase o estado de coñecemento, a expresión escrita, capacidade de síntese, capacidade de razoamento lóxico e capacidade de cálculo.

Estas probas (tanto PE como PECD) están deseñadas de tal xeito que recollen os criterios de avaliación, CA, para as diferentes unidades/bloques do curso.

As PE poden incluír varias unidades (desde o inicio do curso, dado o carácter secuencial da materia) para de este xeito revisar todos os contidos de cara as probas ABAU. En cada trimestre realízase, como mínimo, unha proba escrita (global).

Estas probas constan de entre 4-10 exercicios que inclúen problemas, cuestións teóricas e cuestións prácticas. Cada exercicio pode ter varios apartados. Os exercicios propostos son do mesmo tipo que os traballados nas sesións

lectivas. A elaboración de estas probas e a súa corrección seguen as orientacións marcadas polo grupo de traballo de Química da CIUG. As datas de realización das probas escritas (PE) serán fixadas, con consenso, entre os alumnos e a profesora, e como mínimo con 10 días de antelación.

As PECD poden ser unha ou ningunha por semana. Estas probas constan de un, dous ou tres exercicios (problemas, cuestións teóricas ou cuestións prácticas). Son avisadas na propia semana da realización. Indicaráselle aos alumnos os contidos a revisar para a proba que serán do que se está traballando nese momento ou ben contidos anteriores para revisar de cara ás probas escritas. O obxectivo destas probas é o de valorar o traballo diario dos alumnos, e detectar posibles problemas antes de chegar ás probas globais dos trimestres. A duración destas probas será de 25 minutos como máximo. Nestas probas especificase a puntuación por medio dunha táboa de indicadores que teñen en conta os CA que se pretenden avaliar.

Na cualificación das probas escritas (PE) e das probas escritas de control diario (PECD) considéranse, segundo o caso, os seguintes criterios xerais de corrección:

-As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.

-Os conceptos están ben formulados, interprétanse correctamente, utilízanse de xeito adecuado para analizar, explicar ou resolver problemas.

-A ilustración gráfica é adecuada.

-Identifícanse e utilízanse correctamente as unidades das magnitudes en todo o proceso.

-Os resultados dos problemas son coherentes co contexto do enunciado e faise unha análise dos mesmos.

-As explicacións son claras, desenvólvense con orde lóxica, ben estruturadas e razoadas.

A cualificación das probas escritas (PE) e das probas escritas de control diario (PECD) terán unha penalización ou desconto na puntuación cando:

-Os conceptos aparecen confusos, insuficientemente formulados ou incorrectos.

-Non aparece a ilustración gráfica ou se fai dunha maneira insuficiente ou inadecuada.

-Faise un mal uso das unidades, utilízanse parcialmente durante o proceso de cálculo, non se poñen unidades ou as unidades son incorrectas ou hai erros nos factores de conversión.

-Os resultados dos problemas non son coherentes co contexto.

-As explicacións son deficientes, non razoadas ou contextualizadas.

-Os resultados non son correctos por erro de cálculo.

-Non se lle da valor ás respostas con monosílabos, é dicir, aquelas que se poden deber ao azar.

Os descontos irán indicados en cada unha das probas segundo o caso.

Todas as probas realízanse de maneira presencial nas sesións lectivas correspondentes á materia.

Calquera das probas cualificarase cun cero se se detecta que se está a copiar de apuntes, libros, compañeiros, transmisións de radiofrecuencia, textos e fórmulas dos móbiles ou mp3, ou calculadora que se poida programar, a tradicional chuleta, ..., durante a realización das probas escritas. Aos alumnos sorprendidos invalidáselles a proba e abandonan a aula. Se esta acción irregular se repite no tempo, actuarase segundo o regulamento de réxime interno do centro. Se se trata dunha proba final non terá dereito a outra proba ata a proba extraordinaria.

As probas escritas (PE) soamente se repiten se a xustificación da falta de asistencia é oficial. En caso contrario, será cualificada cun cero.

As probas escritas que coincidan cun día de folga pasan automaticamente ao seguinte día (despois da folga) que se teña clase ordinaria.

Se un alumno non se presenta á realización dunha proba escrita de control diario (PECD) e a razón non está debidamente xustificada, entón esa PECD cualifícase cun cero. No caso de que a razón sexa xustificada, esa PECD realízase o día que acorden a profesora e o alumno. No caso, de non poder realizar ningunha destas PECD, o alumno será cualificado soamente coas PE (é dicir, 100% da nota será das PE globais).

Todas as probas escritas (PE e PECD) teñen unha puntuación máxima de 10 puntos. A puntuación de cada exercicio e/ou apartado indícase na propia proba. Tamén se indican as penalizacións sobre as puntuacións dos exercicios seguindo os criterios indicados nesta programación.

Non se valoran aspectos actitudinais xa que o comportamento na clase, a asistencia regular, a puntualidade, a participación e interese pola materia, o respecto á comunidade escolar, supóñense de obrigado cumprimento en alumnos deste nivel.

No caso de que algún alumno non cumpra as normas de convivencia aplicaráselle as sancións recollidas nas normas do Centro.

Avaliación final

Trátase dun procedemento de avaliación na que todos os alumnos realizan todas as probas escritas e probas escritas de control diario.

Os alumnos con moitas faltas de asistencia ao longo do curso e que non fixeran as probas (por falta de tempo) que fixeron os compañeiros, realizarán unha única proba, a ser posible antes da avaliación ordinaria na que se inclúen

todos os criterios de avaliación correspondentes á materia. Esta proba pode ser diferente (en canto a número de exercicios) á que realicen o resto do alumnado. Na proba escrita hai exercicios relacionados con todos os bloques temáticos da materia. A proba ten unha cualificación máxima de 10. A materia queda superada cunha nota igual ou superior a 5. Ao non poder empregar decimais, a nota do boletín de notas é a parte enteira do valor numérico obtido nesta proba escrita, sen redondeo. Aqueles alumnos que non alcancen a puntuación mínima, terán outra oportunidade na proba extraordinaria de xuño.

A proba global (como todas as probas escritas, PE) que se realizan ao longo do curso, terá entre 4-10 exercicios/cuestións teóricas/cuestións prácticas. Hai, a lo menos, un exercicio de cada un dos bloques temáticos que se inclúen na materia. Cada exercicio pode ter varios apartados.

A puntuación máxima da proba é de 10 puntos.

A puntuación de cada exercicio indícase na proba así como as penalizacións dos erros.

Os criterios de avaliación que se avalían son os recollidos na lexislación vixente correspondente á materia de Química.

Recuperación de proba non superada

Non se recuperan probas escritas por separado.

O que se fai é, a medida que se avanza no currículo, entregar actividades de repaso dos contidos tratados ata o momento, para traballar os criterios de avaliación que se deben alcanzar ao final do curso.

Non hai probas de recuperación ao longo do curso, nin das probas escritas (PE) nin das probas escritas de control diario (PECD).

As probas de recuperación por partes ou global (segundo o caso) realízanse na semana anterior á avaliación ordinaria final.

Recuperar unha avaliación non superada

O sistema de avaliación consiste en que en cada proba escrita inclúa varios CA, correspondentes aos contidos traballados e tratados desde o inicio do curso. Ao longo do curso, coa realización de todas as PECD e PE, avalíanse, a lo menos, unha vez os CA correspondentes á materia.

As recuperacións son globais (bloques completos) e realízanse ao final do curso.

Axúdase aos alumnos, en especial ao que presente algunha dificultade ou se sinta inseguro, con material de repaso e reforzo. Se algún alumno, durante a sesión de clase, non resolve todas as dúbidas ou necesita reforzalas, poderá consultar esas dúbidas utilizando parte do tempo de algún recreo.

Este material de repaso e de reforzo son exercicios tipo (problemas e cuestións teóricas e cuestións prácticas) coa solución para que sirvan de autoavaliación. Nas sesións lectivas os alumnos poderán preguntar todas as dúbidas que lle xurdan a medida que se avanza nos contidos da materia.

Peso porcentual das UD e parte das UD na materia

As unidades máis extensas divídiranse en partes e para cada unha destas partes dentro da unidade considerarase a seguinte ponderación no total da materia:

Unidade 1: Química e sociedade. Destrezas básicas (5% da materia)

Unidade 2: Ligazón química e estrutura da materia (12% da materia):

1ª parte: Estrutura da materia (5% da materia)

2ª parte: Táboa periódica (2% da materia)

3ª parte: Ligazón química (5% da materia)

Unidade 3: Termoquímica e cinética química (20% da materia)

1ª parte: Termoquímica (10% da materia)

2ª parte: Cinética química (10% da materia)

Unidade 4: Equilibrio químico (21% da materia)

Unidade 5: Reaccións ácido-base e de oxidación-redución (28% da materia)

1ª parte: Reaccións ácido-base (14% da materia)

2ª parte: Reaccións de oxidación-redución (14% da materia)

Unidade 6: Química orgánica (14% da materia)

Cualificación

Esta parte refírese ao cálculo da nota correspondente á avaliación de cada trimestre que quedará rexistrada no boletín de notas do alumno. Para cada avaliación teranse en conta todas as cualificacións obtidas polo alumno desde o inicio do curso, de tal xeito que a nota emitida será a nota que lle correspondería si o curso rematara nese momento.

A nota da avaliación calcularase tendo en conta os pesos dos bloques completos, que poden estar divididos en partes (unidades) cando estes sexan moi extensos:

- Nota das PE, 75% da nota correspondente as probas escritas (PE) calculada como a media ponderada das notas das probas escritas realizadas desde o inicio do curso. A ponderación farase tendo en conta a porcentaxe que cada unha das unidades (ou parte de unidades)/bloques teñen no global do curso (indicado na presente programación) e que se inclúan na proba escrita.

$$PE = (\text{sumatorio } x_i \cdot p_i) / \text{sumatorio } p_i$$

Sendo  $p_i$  o peso da unidade no global do curso e  $x_i$  a nota da proba escrita da unidade ou a media de probas escritas de cada unidade cando se fagan máis dunha proba por unidade.

- Nota das PECD, 25% correspondente as probas escritas de control diario (PECD). A nota destas probas é o 25% da media aritmética de todas as PECD realizadas desde o inicio do curso.

$$\text{Nota da avaliación (N)} = 75\% PE + 25\% PECD$$

Ao non poder usar decimais na nota numérica do boletín, terase en conta:

- Nas notas das avaliacións parciais non se aplica redondeo, a nota do boletín é parte enteira da nota numérica obtida polo alumno (é dicir, a parte enteira de N).

- Na nota final (avaliación ordinaria), pode aplicarse o redondeo á alza se se cumpren as seguintes condicións: 1) decimal maior ou igual que 5, 2) a lo menos, a nota do 50% das PE realizadas ao longo do curso é igual ou superior a 5 e 3) a lo menos no 50% das PECD realizadas durante o curso obtivo unha puntuación maior ou igual que 5, en calquera outro caso non se aplica redondeo á alza.

A materia está superada se a nota numérica obtida é igual ou superior a 5 ( $N \geq 5$ ).

### **Criterios de recuperación:**

#### **Proba recuperación (en maio)**

Para todos os alumnos, unha vez realizadas todas as PE e PECD propostas ao longo do curso e aplicado o cálculo ás notas numéricas, sen redondeo, teñan unha puntuación inferior a 5 (na nota media do curso), proporáselle a realización dunha proba de recuperación global (antes da avaliación ordinaria).

A proba global inclúe todos os criterios de avaliación tratados. Esta proba global constará de entre 4-10 exercicios que poden ser problemas, cuestións teóricas e cuestións prácticas. Os exercicios poden ter varios apartados. A lo menos hai un exercicio de cada un dos bloques temáticos que constitúen a materia. A puntuación máxima da proba é de 10 puntos. A puntuación de cada exercicio indícase na proba así como as penalizacións correspondentes.

Neste caso a nota numérica final (avaliación ordinaria), será a nota obtida na proba, o redondeo pode aplicarse á alza se se cumpren as seguintes condicións: 1) decimal maior ou igual que 5, 2) a lo menos, a nota do 50% das PE realizadas ao longo do curso é igual ou superior a 5 e 3) a lo menos no 50% das PECD realizadas durante o curso obtivo unha puntuación maior ou igual que 5, en calquera outro caso non se aplica redondeo á alza e a nota será a parte enteira da nota da proba.

#### **PROBAS PARA SUBIR NOTA (en maio).**

Estas probas realizaranse antes da avaliación ordinaria, no mesmo día no que se realiza a proba de recuperación.

**CASO 1:** Subir nota por bloques. O alumno pode presentarse a subir a nota do bloque no que teña a puntuación máis baixa.

Esta proba escrita pode ter entre 5-14 exercicios (con varios apartados). A puntuación máxima da proba será de 10 puntos. A puntuación de cada exercicio e as penalizacións dos erros serán indicadas na propia proba. A nota obtida, en caso de favorecer ao alumno, substitúe á do bloque correspondente na media final do curso.

Os bloques na materia de Química son os que sinala o currículo:

Bloque 1: Destrezas básicas da química (Química e sociedade. Destrezas básicas).

Bloque 2: Ligazón química e estrutura da materia.

Bloque 3: Reaccións químicas (Termodinámica e cinética química, Equilibrio químico, Reaccións ácido-base e de oxidación-redución).

Bloque 4: Química orgánica

Aplica o redondeo á alza se se cumpren as seguintes condicións: a) a lo menos no 50% das PE realizadas durante o curso o alumno obtivo unha puntuación igual ou superior a 5 e b) a lo menos no 50% das PECD realizadas durante o curso obtivo unha puntuación maior ou igual que 5.

**CASO 2:** Subir nota en toda a materia. O alumno realizará unha proba global.

Esta proba constará de 8 exercicios que poden ter varios apartados.

O alumno terá que realizar todos os exercicios.

A nota final do curso será  $n = n_1 \cdot 40\% + n_2 \cdot 60\%$ , sendo,  $n_1$  (media do curso) e  $n_2$  (nota desta proba).

Aplica redondeo por exceso se se cumpren as seguintes condicións: a) en a lo menos o 50% das PE realizadas durante o curso obtivo unha puntuación maior ou igual que 5, b) en a lo menos o 50% das PECD realizadas durante o curso obtivo unha puntuación maior ou igual que 5 e c) a nota media do curso é  $n_1 > 6$ .

#### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Para aqueles alumnos que non acaden a puntuación de 5 na nota global de maio, terán dereito a unha proba de avaliación extraordinaria (en xuño).

Esta proba extraordinaria é unha proba global, terá entre 4-10 exercicios que poden ter varios apartados e, a lo

menos, un exercicio por cada un dos bloques temáticos tratados ao longo do curso.

Os exercicios poden ser problemas, cuestións teóricas ou cuestións prácticas.

Os exercicios propostos estarán relacionados cos criterios de avaliación marcados como mínimos esixibles nesta programación.

Os exercicios seguen o nivel e formato dos exercicios tipo traballados na aula.

A puntuación de cada exercicio indícase na proba.

A puntuación máxima da proba é de 10 puntos.

As penalizacións na realización dos exercicios son indicados na proba.

A materia queda superada se a nota obtida é igual ou superior a 5.

Ao non poder cualificar con decimais, a nota resultante é a parte enteira do valor numérico (nota) obtido na proba escrita, sen redondeo, independentemente do decimal.

## 6. Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

Terase en conta os distintos ritmos de aprendizaxe, propondo actividades de reforzo para aqueles alumnos cun ritmo de traballo máis lento e de ampliación para aqueles alumnos que teñan un ritmo maior ou máis facilidade.

Tras as primeiras semana do curso e tras falar co departamento de orientación, tomaranse medidas concretas de atención a determinados alumnos que presentan dificultades concretas (déficit de atención e TDAH) e alumnos que en cursos inferiores da ESO tivesen reforzo educativo. Estas medidas axustaranse aos protocolos establecidos para este tipo de alumnado, tomando aquelas que mellor se axeiten ao alumnado: estes alumnos situaranse próximos ao encerado e á mesa do profesor, co fin de captar a súa atención e que non se dispersen; co mesmo fin, procurarase alternar na mesma sesión explicación e traballo individual, exercicios orais e/ou escritos, procurando que non sexan tarefas largas que poidan dispersar a atención do alumnado.

No caso de alumnos con problemas audiovisuais:

- Ofrecendo alternativas á información auditiva. (Transcricións escritas, subtítulos, gráficos, énfases, etc.).
- Ofrecendo alternativas á información visual. (Proporcionar descricións).

Linguaxe, expresións matemáticas e símbolos.

2.1.- Clarificando vocabulario e símbolos.

2.2.- Facilitando a descodificación de textos, notacións matemáticas e símbolos.

2.3.- Ilustrando a través de múltiples medios.

Comprensión.

3.1.- Activando ou substituíndo coñecementos previos.

3.2.- Destacando ideas principais e relacións.

3.3.- Guiando o procesamento da información, a visualización e a manipulación.

3.4.- Maximizando a transferencia e a xeneralización.

Interacción física.

4.1.- Optimizando o acceso ás ferramentas e os produtos e tecnoloxías de apoio.

A expresión e a comunicación.

5.1.- Usando múltiples medios de comunicación. (Resolver problemas utilizando distintas estratexias).

5.2.- Usando múltiples ferramentas para a construción e a composición. (Usar correctores ortográficos, proporcionar calculadoras, páxinas web de formulación, etc.).

As funcións executivas.

6.1.- Guiando o establecemento adecuado de metas. (Poñer exemplos de procesos e definición de metas, proporcionar apoios para estimar a súa consecución, visualizar as metas, etc.).

6.2.- Apoando a planificación e o desenvolvemento de estratexias.

6.3.- Facilitando a xestión de información e recursos.

6.4.- Aumentando a capacidade para facer un seguimento dos avances.

Opcións para captar o interese.

7.1.- Optimizando a elección individual e a autonomía.

7.2.- Optimizando a relevancia, o valor e a autenticidade. (Deseñar actividades e propoñer fontes de información para que poidan ser personalizadas, socialmente relevantes, culturalmente significativas, actividades con resultados comunicables, que permitan a investigación, que fomenten o uso da imaxinación, etc.).

7.3.- Minimizando a inseguridade e as distraccións.

Opcións para manter o esforzo e a persistencia.

8.1.- Resaltando a relevancia das metas.

8.2.- Variando as esixencias e os recursos para optimizar os desafíos.

8.3.- Fomentando a colaboración e a comunidade.

Opcións para a autorregulación.

9.1.- Promovendo expectativas e crenzas que optimicen a motivación.

9.2.- Facilitando estratexias e habilidades para afrontar problemas da vida cotiá.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e presentación. Terá especial interese nas prácticas de laboratorio e nos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1, CA1.2, CA3.4 e CA4.4.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (química e sociedade por exemplo), así como en debates e similares. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou a utilización as aplicacións interactivas. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1, CA1.2 .	X	X	X	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.9 e CA3.8	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5, CA1.6, CA1.8 e CA4.7	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos... Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.8 e CA1.9	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccións coeducativas. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.8 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a unha industria química	Visita virtual a industrias ( Reganosa, Megasa, Endesa....), buscarase algunha reportaxe interesante na internet para unha visita virtual.			X
Charlas divulgativas de carácter científico	Proporanse sesións informativas virtuais para o alumnado con relatores dedicados á investigación científica (Universidades, institutos de investigación,...), buscarase algunha reportaxe interesante na internet para unha charla virtual.	X	X	

### Observacións:

Non se contempla, neste curso, realizar actividades fóra do Centro dado a limitación de tempo para completar o currículo da materia.

Recomendarase algunha reportaxe interesante das moitas posibilidades que hai na rede

Participarase e colaborará nas actividades que se propoñan a nivel de Centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
-Desenvolvemento da programación didáctica. Usando como indicador de logro o grao de desenvolvemento e adecuación daquela e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1 (desenvolveuse < 90% e menos de 3 nalgún dos ítems 1 e 7); 2 (desenvolveuse o 100% e menos de 3 nalgún dos ítems 1 e 7); 3 (desenvolveuse > 90% e máis de 3 nos ítems 1 e 7); 4 (desenvolveuse o 100% e máis de 3 nos ítems 1 e 7).
Aspecto que se avalía: planificación. Usando como indicador de logro o programado e o aplicado, conforme ao que se recolle no apartado de descrición, e ponderando os ítems entre 1 e 5 (de 1 valor máis baixo ata 5 valor máis alto)..
Aspecto que se avalía: revisión, avaliación e modificación da programación. Usando este como indicador de logro, ponderando os ítems que se recollen no apartado de descrición entre 1 e 5 (de 1 valor máis baixo ata 5 valor máis alto).

<b>Metodoloxía empregada</b>
Aspecto que se avalía: desenvolvemento do ensino. Usando como indicador de logro o grao de desenvolvemento, conforme ao que se recolle no apartado de descrición, e ponderando os ítems entre 1 e 5 (de 1 valor máis baixo ata 5 valor máis alto).
Aspecto que se avalía: seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe. Usando este como indicador de logro, ponderando os ítems que se recollen no apartado de descrición entre 1 e 5 (de 1 valor máis baixo ata 5 valor máis alto).
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico, ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50% )2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%).
Aspecto que se avalía: motivación do alumnado. Usando como indicador de logro a motivación do alumnado, conforme ao que se recolle no apartado de descrición, e ponderando os ítems entre 1 e 5 (de 1 valor máis baixo ata 5 valor máis alto).

### Descrición:

A forma en que ensinamos condiciona a forma de aprender e as dificultades de aprendizaxe dos alumnos dependen tanto das súas propias limitacións como do contexto no que se desenvolven e das respostas educativas que se lles ofrece. Polo que se fai necesario establecer un mecanismo de revisión, avaliación e, se é preciso de modificación da programación.

É necesaria para axustar a intervención educativa ás características e necesidades dos alumnos e analizar o grao de adecuación ou desenvolvemento na práctica do programado inicialmente e mellorar a competencia e desenvolvemento profesional.

Os procedementos e instrumentos de avaliación que se empregarán serán variados, diversos e en diferentes niveis de concreción como centro, claustro, etc. Aquí referirémonos á parte que nos corresponde como profesora que consistirá nunha autoavaliación aplicada de forma metódica e sistemática, que consideramos como unha motivación e estímulo do traballo ben feito e da profesionalidade, facilitando a autoreflexión e a autocrítica da metodoloxía didáctica empregada, do coñecemento da materia, do respecto á participación, etc. A autoavaliación debe aplicarse de forma permanente, para ter constancia da evolución do proceso de ensino.

A súa finalidade é retroalimentar o proceso de ensino e propiciar os axustes que sexan precisos e a modificación da programación se fose necesario.

#### 3 ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN

- Ítems
- 3.1 Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases
  - 3.2 Existe unha distribución temporal equilibrada.
  - 3.3 Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.
  - 3.4 Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.

#### 4 ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

- Ítems
- 4.1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
  - 4.2. Expón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos).
  - 4.3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais e/ou coa súa funcionalidade.
  - 4.4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.
  - 4.5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
  - 4.6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
  - 4.7. Promove a reflexión dos temas tratados.

#### 5 ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

- Ítems
- 5.1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas, ...
  - 5.2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...

- 5.3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
- 5.4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
- 5.5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.
- 5.6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
- 5.7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.
- 5.8. Expón actividades que permitan acadar os criterios de avaliación e as destrezas propias da etapa educativa.

## 6 ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

### Ítems

- 6.1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
- 6.2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
- 6.3. Revisa os traballos propostos na aula e fóra dela.
- 6.4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.
- 6.5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
- 6.6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.
- 6.7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
- 6.8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.
- 6.9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.
- 6.10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
- 6.11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.

## 7 REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

### Ítems

- 7.1. Recoñecemento e respecto polas disposicións legais que determinan os seus principios e elementos básicos.
- 7.2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
- 7.3. Adecuación da secuenciación dos criterios de avaliación (CA) para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
- 7.4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA.
- 7.5. Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación.
- 7.6. Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
- 7.7. Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver.
- 7.8. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].
- 7.9. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- 7.10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- 7.11. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
- 7.12. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
- 7.13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
- 7.14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
- 7.15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só bach].
- 7.16. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
- 7.17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
- 7.18. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada CA.
- 7.19. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos CA.
- 7.20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
- 7.21. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
- 7.22. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- 7.23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica será un punto a tratar na reunión mensual do departamento. O resultado de dito seguimento realizarase e actualizarase no apartado correspondente desta aplicación.

Serán especialmente importantes as reunións posteriores ás sesións de avaliación (en datas o máis próximas posibles). Nestas reunións farase unha avaliación do éxito da implementación da programación utilizando a información recollida nas sesións de avaliación, a recollida nesta aplicación e o resultado obtido no punto sete do apartado anterior.

Como indicador de logro do grao de desenvolvemento e adecuación da programación propónse un baseado no seguimento de cada unidade didáctica (data de inicio e final, sesións previstas fronte a sesións realizadas e grado de cumprimento) e o éxito académico acadado tras cada avaliación ponderando entre 1 e 4 do seguinte xeito:

1. Desenvolveuse menos do 90% e acadou menos de 3 nalgún dos ítems que se recollen a continuación nesta descrición.

2. Desenvolveuse o 100% e acadou menos de 3 nalgún dos ítems.

3. Desenvolveuse máis do 90% e acadou máis de 3 nos ítems.

4. Desenvolveuse o 100% e acadou máis de 3 nos ítems. Os ítems son os seguintes:

-Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(50% ), 2(75%, >50%), 3 (90%, >75%) e 4 (>90%).

- A valoración obtida no punto sete do apartado anterior: revisión, avaliación e modificación da programación. Usando este como indicador de logro, ponderando os ítems que se recollen no apartado entre 1 e 5 (1 valor máis baixo ata 5 valor máis alto).

En función da análise realizada faranse as correspondentes propostas de mellora.

Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso.

## 9. Outros apartados

### 1. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.

O alumnado que se matricule en 2º de bacharelato e desexe cursar as materias de Física ou de Química terá que acreditar a superación da materia Física e Química de primeiro curso.

No caso de que esta última materia non fose cursada anteriormente, o alumnado deberá matricularse da correspondente materia de primeiro e cursala como materia pendente. Para a súa avaliación deberá seguir o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación de materia pendente establecido nesta programación.